



MODIFICACIÓN DA R.R. DE 7 DE OUTUBRO DE 2003 DE CONVOCATORIA DE APOIO TITORIAL EXTRAORDINARIO

A Resolución Rectoral de 7 de outubro de 2003 establece na súa Disposición Adicional Terceira que os alumnos matriculados en materias sen docencia non poden acollerse ó apoio tutorial extraordinario.

O feito de implementarse planos de estudo nun só curso académico e polo tanto deixar sen docencia totais materias do plano que se substitúe provoca que haxa un elevado número de alumnos matriculados en materias sen docencia que non poden acollerse ó apoio tutorial. Considerando esta situación mailas peticións realizadas polos alumnos e por algún centro

RESOLVO:

PRIMEIRO.-

Modifica-la resolución do 7 de outubro de 2003 derogando a súa disposición adicional terceira para permitir que os alumnos matriculados en materias sen dereito a docencia poidan acollerse ó apoio tutorial extraordinario.

SEGUNDO.-

Establecer o prazo de solicitude de apoio tutorial para estes alumnos dende o 15 ó 19 de decembro, ámbolos dous incluídos. Así mesmo poderán solicitar este apoio aqueles alumnos que presentaron a súa solicitude fora do prazo establecido nas Resolucións Rectorais de 7 de outubro e 31 de outubro de 2003 respectivamente.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2003

VICE-REITOR,

Senén Barro Ameneiro